

CONVOCATORIA DE AXUDAS A PROXECTOS DE COLABORACIÓN PÚBLICO-PRIVADA 2022

No BOE do 29 de decembro de 2022 publicouse o extracto da Orde pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada, correspondente ao ano 2022, de axudas a proxectos de colaboración público privada, do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica e de Innovación 2021-2023, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia , cuxo texto completo pode consultarse na Base de datos Nacional de Subvencións, con identificador BDNS: 662592

O obxectivo desta convocatoria é financiar proxectos de desenvolvemento experimental en cooperación entre empresas e organismos de investigación, có fin de promover o desenvolvemento de novas tecnoloxías, a aplicación empresarial de novas ideas e técnicas e contribuir á creación de novos produtos e servizos.

As axudas obxecto destas bases teñen como finalidade avanzar na incorporación de coñecementos e resultados científico-técnicos que permitan a validación e o desenvolvemento precompetitivo de novas tecnoloxías, produtos e servizos, creando o contexto adecuado que estimule a xeración dunha masa crítica en I+D+i de carácter interdisciplinar para a súa aplicación, transferencia, búsqueda de solucións e xeración de resultados tanto nas traxectorias tecnolóxicas e de innovación das empresas como no mercado. Así mesmo, con estes proxectos pretende mobilizar inversión privada, xerar emprego e mellorar a balanza tecnolóxica do país, así como reforzar a capacidade de liderazgo internacional do sistema Español de Ciencia Tecnoloxía e Innovación e dos seus axentes, contribuíndo a mellorar a competitividade do tecido empresarial.

A contía destinada as axudas ascende 260.000.000,00 euros .

O prazo de presentación de solicitudes é do día 13 de febreiro ata o 7 de marzo de 2023 ás 14:00 horas (hora peninsular española) a través da sede electrónica do Ministerio de Ciencia e Innovación. [Click Aquí](#)

No lateral dereito dispoñedes dun acceso ao Extracto da convocatoria e da convocatoria.

Na parte inferior dispoñedes dun pequeno vídeo resumo da convocatoria.

LIGAZÓNS ASOCIADAS

Convocatoria de
axudas a
Proxectos de
Colaboración
Público-Privada
2022

Extracto da
Convocatoria de
axudas a
Proxectos de
Colaboración
Público-Privada
2022

Preguntas
frecuentes da
Convocatoria de
axudas a
proxectos
Colaboración
Público-
Privada2022

FICHAS RESUMO
CONVOCATORIA